

- FOLE, ÁNXEL— *El hombre de las cumbres*, en “El Progreso”, Lugo, novembro 1962.
- FRANCO GRANDE, X.L.— *Panorámica de la poesía actual*, en “Ínsula”, núms. 152-3, Madrid, 1959.
- GONZÁLEZ-ALEGRE, RAMÓN— *Las elegías de NOVONEYRA*, en “ABC”, Madrid, xuño, 1966.
- GONZÁLEZ GARCÉS, MIGUEL— *Elegías de Caurel*, en LVG, A Coruña, 17 e 24-VI-1966.
- *La poesía de NOVONEYRA*, en LVG, A Coruña, 26-IV-1970.
- “*Os Eidos-2*” de UXÍO NOVONEYRA, en LVG, A Coruña 9 e 16-III-1975.
- LOSADA, BASILIO— *Elegías del Caurel y otros poemas*, en G, núm. 13, t. IV, Vigo, 1966.
- —e X.L. MÉNDEZ FERRÍN, *Literatura en lengua gallega*, en “Cuadernos para el Diálogo”, Madrid, maio 1969.
- L(UGRÍS), R(AMÓN).— *Na Galiza*, en *Diccionario de Literatura*, Livraria Figueirinhas, Porto, 1969 (S.V. “Contemporâneos”).
- MARTÍNEZ BARRIO, XAVIER— *O Caurel de NOVONEYRA*, en “El Progreso”, Lugo, 19-I-1973.
- MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, ISIDORO— *NOVONEYRA do Caurel*, en LN, Santiago, 16-III-1957.
- NEIRA VILAS, XOSÉ— *La poesía de NOVONEYRA*, en “Islas”, núm. 3, Universidad de Las Villas. Santa Clara (Cuba), 1966.
- PATIÑO, REIMUNDO— *Signos no vento. Signos no tempo*, en *Poemas caligráficos*, ob. cit.
- PIÑEIRO, RAMÓN— *Carta a NOVONEYRA*, en *Os eidos*, ob. cit.
- RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO— *O fonosimbolismo na poesía de NOVONEYRA*, en G, núm. 67, Vigo, 1980.
- SEOANE, LUIS— *Figuraciós. UXÍO NOVONEYRA*, en LVG, A Coruña, 9-III-1975.
- SOTO, JUAN— “*Os eidos-2*”, en “El Progreso”, Lugo, decembro, 1974.
- VALCÁRCEL, XULIO X.— *A natureza i o home na poesía de NOVONEYRA*, en “El Progreso”, decembro, 1974.
- VÁZQUEZ CUESTA, PILAR— *Literatura Gallega*, en *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, Taurus, Madrid, 1980.

3.3. XOHANA TORRES

Nota biográfica

Naceu en Santiago de Compostela en 1931, e residiu durante toda a súa infancia e mocidade en Ferrol. Desde moi meniña áchase vinculada ó mar —é filla e esposa de mariño— e escribe poesía con fonda entrega vocacional.

Foi alumna de RICARDO CARBALLO CALERO, quen cecais orientara a súa vocación de maneira definitiva. Lola, a súa aboa ribeirá, transmitiulle na infancia o sentimento da tradición agraria. Nunca apareceu vencellada ó grupo poético ferrolán de expresión española (MARIO COUCEIRO, MIGUEL C. VIDAL) ou bilingüe (TOMÁS BARROS). A súa opción monolingüe galega é clara, como o é a da maioría dos poetas nados na década de 1930, cos que se identifica personalmente a partir de 1955. Neste ano foille concedido o primeiro premio de poesía da Asociación da Prensa de Vigo e fixo declaracións públicas en defensa do idioma galego.

Viaxou por Europa, Asia e África –sempre por mar. Na actualidade reside entre Vigo e Monteferro. Posue unha ampla cultura e o seu labor literario é constante.

Deu á imprenta obras de teatro, unha das cais (*Á outra banda do Iberr*) recibiu o premio Castelao. É autora dunha interesante novela (*Adiós, María*) que gañou o Premio Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires no ano 1970. Escribiu, ademais, contos para nenos; dirixiu nos anos sesenta a emisión da “Voz de Vigo” titulada “Raiz e Tempo”; grabou discos de poesía galega contemporánea; actuou como declamadora de grande cualidade.

Colaborou, sempre en galego, nas revistas “Aturuxo”, “Vieiros”, e outras.

Libros poéticos en galego:

Do sulco, Illa Nova (Galaxia), Vigo, 1959.

Estacións ao mar, Galaxia, Vigo, 1980.

Nota crítica

O primeiro libro de XOHANA TORRES resulta dunha extrema orixinalidade, que se amosa mesmo no sistema de puntuación: transgrede as usuais normas ó obxecto de suliñar algunhas verbas. Un afán perfeccionista lévaa a logros expresivos moi rechamantes, nos que xorde o insólito das asociacións e das contradicións semánticas entre o adxectivo e o nome. Un libro excelente ó que seguiu un silencio de vinte anos, no que XOHANA foi tecendo despaciosamente o broslado segredo dos seus versos, con algunha ocasional saída en revistas.

Estacións ao mar consta de catro libros: *O Tempo e a Terra*, *O Tempo e a Memoria*, *Elexías a Lola* e o propiamente chamado *Estacións ao mar*.

O Tempo e a Terra é un canto patriótico desde a nostalxia. Está escrito en versículo e nas súas composicións xógase con soltura coa anáfora, coa interrogación retórica, co encabalgamento. Moi características son as series de aposicións, que se comportan como ladaíñas vocativas adicadas á Patria. O rigor gramatical da frase non empexa a *imposibilidade representativa* dos contidos: por estas fracturas da lóxica penetran terribes ventos de totalidade lírica. Zonas dun poema, ou estrofas mesmo, son autónomas. Válidas en sí mesmas, poderían constituir un poema de seu, ou punto de partida de toda unha secuencia de poemas. Así e todo, cada texto ten un senso total, aínda que nos embarga unha sensación de diversidade polifónica. O amor á Terra é ardente; abrasa. Neste libro está algunha da mellor poesía nacionalista que se ten escrito en Galicia.

En *O Tempo e a Memoria* XOHANA TORRES aplícase a dar conta do tránsito do tempo. Son poemas longos, narrativos e evocativos: epicolíricos; escritos en imperfecto de indicativo ou en outras formas de pasado. Ulen a pudor, con matices domésticos. Desenterran a infancia da autora e os seus elementos. Aparecen os nomes de seres queridos, que ás veces falan desde o pasado en estilo directo. Poden xurdir elementos veristas (agallas, recalmán, a porta do Arsenal) na nostalxia estremecida, coma en MONTALE. Domina a anguria do que o poeta foi noutro tempo: “feroz melancolía da memoria”, a Morte chamada polo seu nome, a soidade como refuxio e como encontro coa verde totalidade do que é fundamental, auténtico. Hai neste libro de XOHANA TORRES un fraseo segurísimo, cheo de solucións inesperadas, dito nunha canle formal que tende a unha especie de silva informalista (como boa parte da poesía de CELSO EMILIO FERREIRO). As frases con que se terminan os poemas clarifican, con algunha asociación insólita, a totalidade da composición. Este libro, finalmente, continúa en *Elexías a Lola*, con poemas de amplo formato nos que a figura de aboa da autora ordena o tempo perdido e recobrado na escritura.

En *Estacións ao mar* vívese un océano total, absoluto. Hai nestes poemas algo de VALÉRY ou do *Viladomar* de MANOEL ANTONIO, anque sen veciñanzas estilísticas. O verso é curto, a dicción estricte. Aparecen títulos sombríos, vagos, longos e misteriosos. Volta a soedade (agora menos dramática e máis intelectual) e a evocación do pasado: Lorref-Ferrol, a pandilla, a adolescencia e os seus trámites, certo amigo afogado, a praia. A melancolía domina, pero cunha serea concisión. Escasean os verbos e os nomes locen inmóbeis. Á final do libro, inesperadamente, Vigo (o único topónimo de MANOEL ANTONIO); pero “Vigo

sen mar”: unha certa plana desolación. O tempo definitivamente perdido.

Bibliografía

- CARBALLO CALERO, RICARDO—Prólogo a *Do sulco*, ob. cit.
“*Do sulco*”, en “Broteria”, vol. 69, Lisboa, agosto-setembro, 1959.
- BARREIRA, ISAQUE—XOHANA TORRES. “*Do sulco*”, en “Revista Portuguesa de Filosofía”, vol. XV(IV), Braga.
- FERNÁNDEZ POUSA, RAMÓN—“*Do sulco*”, de XOHANA TORRES, en “El Progreso”, Lugo, 19-II-1958.
- FRANCO GRANDE, X.L.—*Carta a XOHANA TORRES con motivo de la aparición de su libro “Do Sulco”*, en LN, 6-XII-1957.
- HORTAS VILANOVA, M.—“*Do Sulco*”, de XOHANA TORRES, en VG, febreiro, 1958.
- JATO MACIAS, MANUEL—XOHANA TORRES: “*Do Sulco*”, en “Books Abroad”, Norman, Oklahoma, verán 1958.
- LAG
- LORENZANA, SALVADOR—*Conversa con XOHANA TORRES*, en “Galicia Emigrante”, Buenos Aires, setembro-outubro, 1958.
- — *El primer libro de XOHANA TORRES*, en LN, 14-XII-1957.
- LOSADA, BASILIO—*Poetas gallegos de postguerra*, Ocnos, Barcelona, 1971.
- MANUEL MARIA—*Carta abierta de MANUEL MARÍA a XOHANA TORRES*, en “El Progreso”, Lugo, 27, XII-1957.
- RABANAL, M.—“*Do Sulco*”, en LN, 25-II-1958.

3.4 XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO

Nota biográfica

Naceu en Espartedo-Luintra (Nogueira de Ramuín) no ano 1931, e sendo moi novo abandonou a súa aldea. En Ourense traballou como empregado de comercio e coñeceu a FLORENTINO CUEVILLAS, quen alentou a súa vocación literaria. Por volta de 1950 funda en Ourense o grupo cultural “Xente Nova”. Foi corresponsal do “ABC” e colaborou activamente na prensa galega, especialmente en “La Noche”, coma a maioría dos escritores da súa xeración.

No ano 1954 trasládase a Madrid, onde estuda na Escuela Oficial de Periodismo, na que se gradúa anos máis tarde. Simultaneamente ós seus estudos, practica o xornalismo, como colaborador, en “ABC”, “Informaciones” e “Semana”. En Madrid participou na fundación e na animación do grupo “Brais Pinto”.